



PLAN DE IGUALDADE

CEIP DE ROXOS



ESPACIO LIBRE DE DISCRIMINACIÓN. SOMOS DIVERSIDADE



CURSO 2023-2024

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	3
2. ANÁLISE E DIAGNÓSTICO.	5
3. XUSTIFICACIÓN	6
4. MARCO LEXISLATIVO	9
5. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS	15
6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.	16
7. CONTIDOS.	17
8. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS DIFERENTES ÁMBITOS:	18
9. RECURSOS E METODOLOXÍA	20
10. TEMPORALIZACIÓN	20
11. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN	21
12. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS	21
13. GLOSARIO	22

1. INTRODUCCIÓN

Educar é proporcionar unha formación integral que lles permita a nenos e nenas unha formación plena e que axude a configurar a súa identidade, así como construír unha concepción da realidade que integre á vez o coñecemento e a súa valoración ética e moral. Coeducar implica educar sen diferenciar as mensaxes en función do sexo.

A coeducación é un estilo educativo, un proceso de transformación social que apunta a unha convivencia entre os sexos afastada da opresión mutua e tendente a unha relación de xustiza e respecto e en interese dunha formación integral e unha efectiva igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

A educación debe levarse a cabo dende unha perspectiva integral e de xénero, que contribúa a previr todo tipo de situacións de violencia, e en particular a de xénero. Nos últimos anos tense observado un aumento das condutas discriminatorias e dos estereotipos sexistas entre o alumnado dos centros educativos que inflúen no desenvolvemento da súa identidade e en como unha parte o alumnado, tanto homes como mulleres, perciben a discriminación como normalidade, o que fai que aumentan as situacións de falta de respecto e, nalgúns casos, de violencia. A educación en igualdade pretende atallar estas concepcións erróneas, xa que se isto non é atallado a tempo, pode levar a situacións de discriminación, maltrato e violencia en idades posteriores.

Co obxectivo de inverter esta tendencia, a coeducación preséntase como unha das ferramentas máis útiles e potentes para poder acabar coa desigualdade, e a escola constitúe unha plataforma excelente para a superación dos prexuízos sexistas e para acadar un cambio en profundidade das estruturas e das prácticas sociais non desexables.

Se non traballamos por unha verdadeira e efectiva coeducación non conseguiremos unha verdadeira transformación da sociedade e polo tanto unha igualdade real. Cómpre ter en conta que as aulas son tan diversas como o é a sociedade; con todo,

ás veces a diversidade, como é o caso da afectivo-sexual, aínda non se visibiliza nin se respecta, senón que se rexeita por contravir "o correcto" e "o normal". De aí a importancia de traballar esa diversidade desde o sistema educativo.

O camiño para avanzar cara á igualdade é a educación. O respecto, a liberdade e a igualdade son tres dos piares básicos. Desde as aulas podemos ensinalles aos nenos e ás nenas a ter unha visión do mundo e da sociedade libre de prexuizados e estereotipos.

2. ANÁLISE E DIAGNÓSTICO.

- CONTEXTUALIZACIÓN. DATOS DO CENTRO

O CEIP de Roxos está situado nunha zona rural do Concello de Santiago de Compostela, no límite co concello de Ames. A procedencia da maior parte do alumnado corresponde a unha zona non urbana do Concello, aínda que tamén se escolariza alumnado de poboacións relativamente próximas (Bertamiráns, Milladoiro...). Conta con núcleos de poboación dispersos e urbanizacións de vivendas unifamiliares construídas nos últimos anos. Nestes últimos anos estase a consolidar un asentamento poboacional na zona de influencia do colexio asociado á aparición destas novas urbanizacións e vivendas de nova construción próximas ao centro. Este crecemento urbanístico contribúe a incrementar ano tras ano a matrícula e o número de unidades do Colexio. Actualmente contamos con 298 alumnos e alumnas, repartidos en 16 titorías, 4 de educación infantil e 12 de educación primaria. O centro educativo consta de dous edificios de planta baixa rodeados de zonas verdes e asfaltadas. Aínda que o edificio de primaria é de planta baixa existen dous niveis a ras de chan comunicados entre si por unhas escaleiras interiores. No edificio de primaria sitúanse as dependencias de administración, a sala de profesorado, a conserxería, dous pequenos armarios, a biblioteca, un patio exterior con zonas cubertas, pista deportiva e zonas axardinadas, aseos masculinos e femininos para o alumnado, un aseo para persoas con discapacidade funcional e un aseo para o profesorado, un cuarto de limpeza, o despacho de orientación, doce aulas de primaria e unha aula de pedagogía terapéutica. O edificio conta con dúas portas laterais que dan acceso ao patio cuberto e ao espazo habilitado para comedor escolar cun único aseo e unha pequena sala de usos múltiples. Comunícase co edificio de infantil a través da zona de lecer ao aire libre.

No edificio de infantil atópanse seis aulas de infantil, dúas aulas de desdobre utilizadas pola especialista de audición e linguaxe e pola mestra de relixión católica, un cuarto de electricidade, a sala de psicomotricidade, un almacén, un cuarto de limpeza, aseos e un almacén na parte baixa do edificio.

O pavillón municipal está ao carón do edificio de primaria e é utilizado polos

especialistas en educación física dentro do horario lectivo, e no recreo nos días de chuvia polos diferentes grupos de Primaria.

A caldeira de gasóleo sitúase no edificio de primaria, mentres que a de pellets está no de infantil.

O centro educativo atópase nun recinto pechado con sete entradas. Catro empréganse como entradas principais e outra como entrada do alumnado usuario do servizo de madrugadores e do transporte escolar. Dentro do recinto hai unha zona acoutada para aparcamento do profesorado e entrada de persoal de mantemento que comunica, a través dun corredor estreito, coa entrada do edificio de primaria mediante unha cancela pechada con chave.

3. XUSTIFICACIÓN

O Plan de Igualdade do CEIP de Roxos é un proxecto xurdido da cooperación entre toda a comunidade educativa. Ten como obxectivo principal que a actividade educativa estea dirixida de xeito transversal a contribuír á construción dunha sociedade na que a igualdade real de xénero sexa unha realidade mediante a eliminación de todo tipo de discriminación por este motivo, afondando na educación entre persoas iguais con independencia do seu sexo e integrando o respecto á diversidade afectiva e sexual.

O Plan diríxese en primeiro lugar a toda a comunidade educativa: a todo o profesorado, persoal de administración e servizos, e a nais, pais e demais persoas que son responsables do principal colectivo destinatario da coeducación, o alumnado.

Na aplicación deste plan resulta de especial importancia a colaboración e o apoio do departamento de orientación do centro xunto co resto do profesorado, como recurso necesario para a inclusión e para a mellora da intervención educativa en termos de igualdade, por ter entre as súas funcións asesorar e poñer á disposición da comunidade educativa aqueles medios ou recursos necesarios para a atención á diversidade.

O Obxectivo fundamental deste plan é o de coordinar todas aquelas actuacións que son necesarias para que a igualdade impregne todo o centro educativo e para que

esta sexa sistemática en todas as aulas e ámbitos.

A educación para a igualdade entre homes e mulleres debe ocupar un lugar preeminente na educación en valores que pretendemos; e a educación escolar debe contribuír a que os alumnos e alumnas sexan capaces de identificar situacións nas que se produce este tipo de discriminación polo xénero, de analizar as súas causas e de actuar eles mesmos a súa vez de acordo con estes valores igualitarios.

O Diagnóstico do Centro foi o noso punto de partida para poder concretar as actuacións para realizar. Programouse atendendo aos **dous anos** de duración nos que estará vixente.

Esta primeira fase era imprescindible para coñecer a situación en cuestión de xénero do noso centro. Durante a mesma recompilouse información sobre diversos aspectos da vida escolar que foron analizados en relación coa coeducación. Esta fase é moi importante, xa que, sen a realización do diagnóstico, que recolla e visibilice a realidade coeducativa do centro, é imposible realizar un bo Plan de Igualdade real e efectivo. O noso diagnóstico ten que ser sinxelo, claro e debe estar contextualizado na nosa realidade inmediata. Levouse a cabo a través de cuestionarios, observacións, estudos de casos e revisión de documentos e materiais. Os seus destinatarios foron o alumnado, profesorado, familias e outros axentes educativos. A súa finalidade foi detectar as desigualdades do noso entorno educativo en cuestión de xénero.

Para a realización e aplicación deste Plan de Igualdade debemos observar e ter en conta os seguintes aspectos:

- ❖ Utilización dunha linguaxe sexista, tanto de forma oral como escrita, así como nos materiais didácticos empregados polo alumnado.
- ❖ Uso desigual de espazos e tempos.
- ❖ Análise do material didáctico utilizado dende a perspectiva de xénero
- ❖ Recoñecemento de diferentes situacións de calquera tipo de discriminación e violencia, tanto física como verbal

A Comisión de Igualdade estableceu o plan de traballo a seguir na elaboración do diagnóstico e velou por un desenvolvemento rigoroso desta primeira fase promovendo a participación na mesma de toda a comunidade educativa.

Unha vez recompilada toda a información, a Comisión de Igualdade analizou e concluiu que no noso centro aspectos como a ocupación de espazos e a práctica de actividades coeducativas son aspectos que precisan unha maior definición para tratar de conseguir unha reflexión e convivencia harmónica en canto ás relacións do noso alumnado. Nos aspectos relativos a materiais e ao emprego da linguaxe inclusiva non se detectaron nas nosas enquisas eivas significativas, aínda que son aspectos que consideramos fundamentais, polo que deben seguir sendo obxecto de seguimento. Nas nosas enquisas detectouse unha mellor conciencia de xénero entre as alumnas polo que debe ser un aspecto a ter en conta á hora de definir propostas para conseguir unha plena conciencia entre todo o noso alumnado.

INDICADORES E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DO DIAGNÓSTICO.

Para a realización do noso diagnóstico utilizamos os seguintes indicadores e instrumentos:

- Rexistro de datos sobre o centro: composición do claustro, do alumnado, de cargos, de persoas encargadas de plans, coordinadores e departamentos, Consello Escolar, ANPA, persoal de administración e servizos, cartelería, notas informativas.
- Revisión dos documentos de centro: programacións didácticas, plans: Biblioteca, igualdade, bilingüismo, actividades complementarias escolares, criterios de horarios e agrupamentos, criterios de promoción e todos os relacionados coa nova normativa.
- Rexistro de datos sobre a ANPA: candidatura Consello Escolar, cargos de responsabilidade, directiva, grao de actuación no funcionamento desta de nais e pais. Este rexistro realizouse a través de varias entrevistas coa presidencia da ANPA do noso centro.
- Enquisas ao profesorado: valoración sobre estereotipos na aula, planificación nas programacións de aula con contidos educativos, uso da linguaxe inclusiva,

percepción da coeducación no día a día do labor docente, titorías coas familias, visibilidade da muller nos libros de texto, convivencia e tolerancia, etcétera.

- Enquisas ao Alumnado: relacións sociais e comportamento en clase, estereotipos na práctica de deportes e de xoguetes, percepción do centro da relación entre compañeiras e compañeiros.
- Enquisas ás familias: repartición de tarefas nos labores domésticos do fogar, titorías e visitas ao centro, educación de xénero ás fillas e fillos, percepción dos dereitos da muller na sociedade actual.
- Observación do uso e configuración de espazos comúns: patio de recreo, pistas deportivas, biblioteca e corredores.
- Observación de cartelería, rótulos e notas informativas.
- Actividades complementarias e extraescolares con perspectiva de xénero.

CARACTERÍSTICAS XERAIS DOS INSTRUMENTOS DE DIAGNÓSTICO

- Enquisas (instrumentos de avaliación cuantitativos), dirixidos ao alumnado, ás familias e ao profesorado. Ditos cuestionarios foron adaptados ás necesidades e características de cada grupo ao que foi dirixido e eran anónimos para respetar á privacidade e garantindo a protección de datos.
- Escalas de observación (instrumentos de avaliación cualitativos) sobre a actividade que se desenvolve durante o período de descanso no patio. Son anónimas e realízaas o profesorado en base á observación da actividade do alumnado durante este período de tempo.
- Rexistro de observación (instrumento de avaliación cualitativo) para analizar o material didáctico utilizado no centro: libros de textos,...
- Enquisas (instrumentos de avaliación cuantitativos), dirixidos ao alumnado, ás familias e ao profesorado.

4. MARCO LEXISLATIVO

4.1.-Normativa

- a. A **Constitución Española de 1978** recoñeceu no seu artigo 14 a

igualdade ante a lei por razóns de sexo e establece no artigo 9.2 que é unha obriga dos poderes públicos promover as condicións para que esa igualdade sexa real e efectiva.

- b. **Resolución do Parlamento Europeo, do 9 de xuño de 2015**, sobre a estratexia da UE para a igualdade entre mulleres e homes despois de 2015: considera que os estereotipos de xénero seguen tendo unha grande influencia no ámbito educativo e destácase o papel decisivo que desempeña a educación e a capacitación na loita contra eses estereotipos e para poñer fin á discriminación baseada no xénero, así como os seus efectos positivos para as mulleres e para a sociedade e a economía en xeral.
- c. **Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio**, de Educación. *"co fin de favorecer a igualdade de dereitos e oportunidades e fomentar a igualdade efectiva entre homes e mulleres, os centros sostidos parcial ou totalmente con fondos públicos desenvolverán o principio de coeducación en todas as etapas educativas, de conformidade co disposto pola Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, e non separarán o alumnado polo seu xénero"*. Esta mesma lei concede importancia a varios enfoques que resultan claves para adaptar o sistema educativo ao que del esixen os tempos a que nos enfrontamos, entre eles, adopta un enfoque de igualdade de xénero a través da coeducación e fomenta en todas as etapas a aprendizaxe da igualdade efectiva de mulleres e homes, a prevención da violencia de xénero e o respecto á diversidade afectivo-sexual, introducindo na educación secundaria a orientación educativa e profesional do alumnado con perspectiva inclusiva e non sexista.
- d. **Lei 2/2014, do 14 de abril**, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, que dedica o capítulo V ás medidas no ámbito da educación

(artigos 22, 23,24, 25 e 26).

- e. **Lei galega 11/2007, do 27 de xullo**, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero dedica o capítulo III do Título I ás medidas encamiñadas á formación e prevención da violencia de xénero.
- f. A **Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo**, para a igualdade de mulleres e homes.
- g. Artigo 1 da **Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro**, de educación: establece como principio da educación "o desenvolvemento da igualdade de dereitos, deberes e oportunidades, o respecto á diversidade afectivo-sexual e familiar, o fomento da igualdade efectiva de mulleres e homes a través da consideración do réximo da coeducación de nenos e nenas, a educación afectivo-sexual, adaptada ao nivel madurativo, e a prevención da violencia de xénero, así como o fomento do espírito crítico e a cidadanía activa.»".
- h. **Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro**, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade nos seus artigos 17 e 18.
- i. **Decreto 155/2022, do 15 de setembro**, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia establece o obxectivo "Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por motivos de etnia, orientación ou identidade sexual, relixión ou crenzas, discapacidade ou outras condicións".
- j. **Decreto 150/2022, do 8 de setembro**, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia recolle como 3º principio xeral: "Co obxectivo de garantir os principios de equidade e inclusión, a programación, a

xestión e o desenvolvemento da educación infantil atenderán á compensación dos efectos que as desigualdades de orixe cultural, social e económica teñen na aprendizaxe e na evolución infantil, así como á detección precoz e á atención temperá de necesidades específicas de apoio educativo".

- k. **Lei galega 11/2007, do 27 de xullo**, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero dedica o capítulo III do Título I ás medidas encamiñadas á formación e prevención da violencia de xénero.
- l. **Lei 2/2014, do 14 de abril**, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, que dedica o capítulo V ás medidas no ámbito da educación (artigos 22, 23,24, 25 e 26)
- m. **Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro**, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG do 27 de xaneiro), contempla a integración do principio de igualdade entre mulleres e homes, para o que resolve establecer, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas e as actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e contará actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.
- n. Plan de convivencia do CEIP Roxos. (CURSO 20-21)

4.2. EIXES DO PLAN DE ACTUACIÓNS PARA A IGUALDADE

- **EIXE 1**
 - Afondar no modelo de coeducación e introducir a perspectiva de xénero nas dinámicas educativas.
- **EIXE 2**
 - Fomentar dinámicas educativas libres de estereotipos de xénero, favorecendo que o alumnado poida desenvolver o seu proxecto vital sen condicionamentos, desde a liberdade e diversidade de opcións.
- **EIXE 3**

- Integrar a perspectiva de xénero no traballo cara ao éxito escolar e garantir que a formación inicial e ao longo da vida, acolla a todo o alumnado na súa diversidade (étnica, cultural, social, económica, funcional, sexual, de xénero, lingüística,...).
- EIXE 4
 - Educar desde a diversidade para unhas relacións afectivas e sexuais saudables e respectuosas, e para unha convivencia harmónica que integre a diversidade de xénero, sexual, e afectiva.
- EIXE 5
 - Traballar as relacións de uso abusivo do poder e a violencia sistémica no exercicio das relacións persoais, co fin de visibilizar os mecanismos que sustentan a violencia de xénero, e favorecer relacións pacíficas e positivas para todos os membros da comunidade.
- EIXE 6
 - Abordar a detección precoz e resposta eficaz e sistémica á violencia de xénero e outras formas de abuso, discriminación e violencia asociadas, con especial atención á prevención e compensación de situacións de discriminación múltiple.

4.3. PRINCIPIOS

O plan de igualdade baséase nos seguintes principios:

- Valores democráticos: xustiza, solidariedade, respecto, tolerancia, autonomía, igualdade e responsabilidade, valores que requiren a non discriminación de ningunha opción e fomentan a cultura de paz.
- Transversalidade: a perspectiva de xénero integrarase na elaboración, desenvolvemento e seguimento de todas as actuacións do centro.
- Inclusión: educar na diversidade. As medidas e actuacións irán dirixidas ao conxunto da comunidade educativa. A aplicación da perspectiva de xénero erradicará calquera situación de discriminación do alumnado por razón de sexo, xénero, identidade de xénero ou orientación sexual.

- Igualdade de oportunidades: respecto aos dereitos, deberes e liberdades de mulleres e homes, ofrecendo as mesmas oportunidades de realización persoal e profesional.
- Visibilidade: a igualdade de xénero debe estar presente nos diferentes ámbitos da escola (familia, profesorado e alumnado) a través da linguaxe escrita e oral nos distintos soportes de información utilizados. Ademais tratarase de empoderar e dar a coñecer as contribucións das mulleres ao longo da historia nas distintas disciplinas. Procurarase identificar e facer visibles as diferenzas entre nenas e nenos e a posible desigualdade de trato como consecuencia destas diferenzas, para facilitar o seu recoñecemento e evitar discriminación
- Inclusión e integración da diversidade. A educación para a aceptación da diversidade sexual e a integración plena de todas as persoas na comunidade educativa e na sociedade sen que inflúa a súa opción afectiva ou sexual.
- "Violencia 0 nas aulas e na sociedade": é imprescindible a sensibilización e a concienciación na comunidade educativa do problema da violencia de xénero na nosa sociedade e a loita pola súa total desaparición.

4.4.POLÍTICAS DE CENTRO COMO:

- Incluír a igualdade de mulleres e homes no proxecto educativo do centro, nas programacións curriculares e na asignación de responsabilidades e espazos.
- Realizar periodicamente formación para os docentes e resto de membros da comunidade educativa en coeducación e estratexias para favorecer a educación en igualdade de xénero.
- Seleccionar materiais escolares, libros de texto, recursos pedagóxicos e proxectos educativos non sexistas, así como traballar contidos que fomenten os valores de igualdade, como, por exemplo, cancións, libros, referencias e modelos que contribúan a ofrecer unha visión nova e máis acorde coa igualdade entre os sexos.
- Estimular que o profesorado evite tratar de forma diferente aos nenos e ás nenas en clase segundo o seu xénero e motivar a participar por igual nas tarefas da aula e a compartir por responsabilidades da mesma forma.

- Fomentar en clase e fóra dela xogos e xoguetes neutros, cooperativos e compartidos. Será necesario establecer, como política de centro, que os patios sexan coeducativos, é dicir, que conten con tres espazos ben diferenciados: unha área de xogo tranquilo, outra de movemento e psicomotricidade, e outra de experimentación coa natureza.
- Colaborar coas familias e formais para proporcionarlles pautas e criterios a practicar en casa para evitar os estereotipos sexistas. Así como evitar relacionar xogos, xoguetes, libros ou cores cun determinado xénero, entendendo que nenos e nenas poder ter preferencia por calquera xogo, xoguete, cor, lectura... e que estes intereses son válidos e deben ser respectados.
- Todo iso debe conlevar un plan integral no que tamén se faga partícipes ás familias, así como aos distintos axentes que interveñen na educación, ao profesorado e ao equipo directivo.

5. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS

OBXECTIVOS XERAIS

- Aprender a construír conxuntamente un espazo de seguridade e igualdade para toda a comunidade educativa, onde a totalidade dos seus integrantes atopen a oportunidade de desenvolverse e crecer en igualdade de condicións e oportunidades.
- Potenciar de maneira transversal os valores democráticos da participación, a cultura da non violencia, a igualdade de xénero, a diversidade, a visibilidade da muller, a paz e a interculturalidad.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Dotar de ferramentas e conceptos teóricos que permitan ao profesorado, equipos directivos e departamento de orientación achegarse á análise e autodiagnóstico do clima escolar ao redor da igualdade de xénero.
- Concienciar nun modelo integrador baseado na prevención e resolución dialogada dos conflitos para transversalizar o enfoque de xénero en todos os plans e proxectos desenvolvidos no centro.
- Sensibilizarnos cos hábitos desigualitarios que temos integrados no centro, na

familia e na sociedade de maneira natural.

- Detectar a situación real de partida do noso centro a partir dun diagnóstico previo.
- Concienciar á comunidade educativa da importancia da coeducación e a perspectiva de xénero.
- Achegar estratexias e ferramentas para a elaboración dun Plan de Igualdade de Centro personalizado e adaptado a cada situación.

5.1. Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes:

- Integrar e contemplar de modo transversal a perspectiva de xénero no PE e nos proxectos que o integran.
- Impulsar e favorecer a práctica escolar inclusiva e equitativa, mediante a utilización dunha linguaxe non sexista nas súas expresións visuais, orais, escritas e en entornos dixitais.

5.2 Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.

- Promover actuacións encamiñadas á sensibilización, visualización, prevención da violencia de xénero.
- Atallar de inmediato calquera conduta discriminatoria, ou violenta, mesmo de forma oral.

5.3. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.

- Entender a diferenza como unha fonte de aprendizaxe e enriquecemento e aprendizaxe para toda a comunidade educativa para nos enriquecer, aprender a convivir coas demais persoas e para fomentar o pensamento crítico.

5.4 Prevención, detección e intervención en casos de LGBTI fobia.

- Educar na diversidade afectivo sexual desde idades temperás.
- Educar na diversidade para a igualdade.
- Intervir activamente no momento de ser detectado algún caso de discriminación ante casos de LGBTI

6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.

Partindo dos obxectivos xerais e específicos establecidos, e coa idea de avaliar a súa consecución, débense establecer uns indicadores de logro. Estes marcaranse cun determinado horizonte temporal (de un a catro cursos académicos) e cada ano avaliarase a súa consecución.

Sendo este o primeiro ano que botamos a andar o plan de igualdade do centro, ao cabo do ano faremos balance para supervisar os seguintes aspectos:

- Cumprimento do plan establecido, actuacións que non se desenvolveron.
- Impacto e alcance das accións desenvolvidas na comunidade educativa.
- Dificultades observadas no desenvolvemento das accións.
- Necesidades de mellora observadas para a súa realización en vindeiros cursos.

Ferramentas empregadas na avaliación:

- Observación
- Valoración das actividades realizadas
- Enquisas final de curso

Logo da análise e da valoración destes datos, estableceranse propostas de mellora para os vindeiros cursos escolares co fin de axustar a abordaxe dos distintos obxectivos coeducativos ao noso contexto educativo.

7. CONTIDOS.

- Aprendizaxe do coidado e a non violencia.
- Análise crítica dos xoguetes e os espazos de ocio.
- Traballar con xogos expectativas laborais diversas e inclusivas.
- Expresión e coñecemento das emocións.
- Resolución non violenta de conflitos.
- Formación en habilidades sociais e comunicativas.
- Valoración positiva das tarefas domésticas e dos homes coidadores.
- Educación emocional en igualdade.
- Uso non sexista da linguaxe, a nivel escrito e oral.
- Evitacións das desigualdades por razón de sexo.
- Recoñecemento da diversidade afectivo-sexual.
- Visibilización das mulleres nos distintos campos do saber.
- Uso e reparto equitativo dos espazos do centro.

8. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS DIFERENTES ÁMBITOS:

8.1. Organización do centro:

- Empregar unha linguaxe inclusiva e igualitaria na actividade do centro.
- Nomear unha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar para participar no impulso do Plan de igualdade.
- Difundir o plan entre os distintos axentes da comunidade (con especial atención ás familias).
- Promover a formación do profesorado, do alumnado e das familias en materia de igualdade.
- Reparto equilibrado de tarefas e responsabilidades entre o alumnado de ambos sexos.
- Igualdade de trato entre o alumnado en todos os aspectos educativos (curriculares, organizativos, metodolóxicos, actitudinais, etc.)
- Potenciar os comportamentos e actitudes relacionais entre o alumnado que sexan igualitarios.
- A perspectiva de xénero debe estar incluída e debe ser tida en conta en todas as áreas. O labor máis importante respecto diso desenvólvese obviamente na titoría, con todo o compromiso debe ser asumido por todo o profesorado. As actuacións educativas serán máis efectivas canto máis interiorizadas estean polos equipos educativos.
- Impulsar actividades sobre coeducación dirixidas ao alumnado (talleres, charlas, conmemoracións, etc.)
- Colaborar con outras entidades, institucións e organismos na realización de actividades coeducativas e para ofrecer recursos sobre coeducación.
- Celebración de datas que sensibilicen a toda a comunidade educativa nos valores democráticos: a tolerancia, igualdade, o respecto, o diálogo, a resolución de conflitos de forma pacífica e a non violencia: Día Internacional contra a Violencia de Xénero, Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, Día escolar da non Violencia e da Paz, Día Internacional da Muller...

- Participar en programas específicos de igualdade de xénero para traballar a coeducación desde o currículo, etc.
- Medidas de carácter organizativo que posibiliten a adecuada vixilancia dos espazos e dos tempos considerados de risco, como os recreos, as entradas e saídas do centro e os cambios de clase nos corredores.

8.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes:

- Revisar as programacións didácticas e a práctica docente desde unha perspectiva de xénero: para incluír as mulleres relevantes en cada ámbito do saber, os saberes asociados tradicionalmente ás mulleres, as desigualdades de xénero, para completar a historia da humanidade.
- Revisar os textos e o material didáctico empregado na aula (valores, normas, representacións, selección dos contidos, dos personaxes, das imaxes, da linguaxe, da proposta de actividades).
- Realizar actividades de sensibilización na aula.
- Realizar actividades de información e sensibilización coas familias, charlas, debates.

8.3. Xestión dos espazos, dos recursos e das oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo:

- Difundir información a través do taboleiro do centro. Lecturas coeducativas a través da biblioteca escolar.
- Promover revisar a idoneidade dos contidos audiovisuais das actividades do centro.
- Empregar contidos de actualidade para sensibilizar sobre a necesidade de avanzar cara á igualdade real.
- Xestionar as actividades e distribución do patio para favorecer a inclusión. Promover a participación do sexo menos representado nas actividades científico- tecnolóxicas, deportivas, artísticas, de coidado etc.

8.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar:

- Promover o respecto e o bo trato entre mulleres e homes.
- Promover actividades de coidado entre persoas, do medio ambiente, etc.
- Promover o respecto cara á diversidade sexual e de xénero.
- Promover metodoloxías activas participativas e cooperativas.
- Promover a corresponsabilidade na realización das tarefas.
- Promover actividades de intervención social na comunidade educativa.
- Promover actividades de educación emocional.

9. RECURSOS E METODOLOXÍA

- Como xa se comentou, na elección dos libros de texto e outros materiais curriculares, terase en conta que contemplan a igualdade entre as persoas e paridade entre as tarefas que realizan, tanto nos textos como nas ilustracións.
- Darase visibilidade a investigacións, descubrimentos e traballos, de relevancia pública ou non, realizados por mulleres.
- Poñerase en valor o "traballo invisible" realizado polas mulleres, facendo fincapé na frecuente dobre xornada laboral, dentro e fóra do fogar.
- Farase reflexionar ao alumnado sobre a organización e realización das tarefas do fogar, facéndolles ver que todos os membros da familia deben colaborar.
- Sempre que o profesorado detecte calquera forma de discriminación e/ou violencia, xa sexa física ou verbal, debe actuar de xeito inmediato, aproveitando a oportunidade para reflexionar, buscar a solución máis axeitada ou o xeito de reparar o dano causado, se procede.

10. TEMPORALIZACIÓN

A educación en igualdade debe ser abordada como un tema transversal, en todas as áreas e ao logo de todo o curso.

Haberá momentos especiais, como as conmemoracións ou cando se produza algunha situación entre o alumnado que así o requira, nos que será tratada de xeito explícito.

Noutros momentos, en calquera apartado do currículo ou sempre que se manifeste

unha situación de discriminación, abordarase o tema, de xeito que o alumnado sexa consciente da situación errónea e buscando a solución máis axeitada.

11. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

- Auto-avaliación, por parte do centro, do desenvolvemento dos obxectivos e da eficacia das actuacións contempladas no Plan de igualdade.
- Valoración do uso e presenza de unha linguaxe inclusiva tanto na linguaxe oral como escrita do centro.
- Actuacións relativas á sensibilización, visibilización e prevención da violencia de xénero desenvoltas no ámbito da acción titorial.
- Levarase a cabo unha avaliación continua que nos permitirá coñecer se os obxectivos expostos son os axeitados e se as actividades propostas son as correctas para lograr os obxectivos propostos e así realizar as modificacións oportunas. Valorarase o grao de implicación de cada un dos membros que compoñen a nosa Comunidade Educativa, así como a coordinación entre eles e o grao de aceptación das distintas propostas. Esta avaliación continua complementarase cunha avaliación final onde se valoren os resultados obtidos, as posibles melloras, erros cometidos, necesidades e grao de satisfacción coa experiencia. Para todo isto empregaranse, entre outros, os seguintes métodos de avaliación:
 - ❖ Revisión dos obxectivos e actividades planificadas.
 - ❖ Avaliación das actividades propostas.
 - ❖ Reunións de seguimento cos titores/as .
 - ❖ Memoria do Proxecto.

Una vez realizada a avaliación e memoria do presente Plan, incluíranse no Plan de Mellora para o próximo curso aquelas medidas que se consideren oportunas para a mellora do seu desenvolvemento e consecución de obxectivos.

12. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- [Guía para la construcción del plan de igualdad de género en centros educativos de Extremadura](#) (2021), Gobierno de Extremadura.
- [Materiais para a coeducación. Claves para a elaboración Plan de coeducación nun centro](#)

[de ensino](#) [2019]. CIG-Ensino. [50 pág.]

- [Orientaciones para el diseño y la implementación del Plan de Igualdad en los centros públicos](#) (2018). Gobierno de Canarias.
- [Educación para la igualdad de género. Un modelo de evaluación](#) (2018). Centro Reina Sofía sobre Adolescencia y Juventud (FAD). [75 pág.]
- [Educación en igualdad. Propuesta metodológica sobre coeducación](#) (2015). Colección Plurales. Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. [128 pág.]
- [Guía de apoio para introducir a perspectiva de xénero na docencia da Universidade de Vigo](#) (2014). Universidade de Vigo
- [Guía para a xestión de proxectos coeducativos](#) (2009). Xunta de Galicia. [102 pax.]
- [Orientaciones para los y las agentes de igualdad en los Consejos Escolares](#) (2009). Gobierno de Canarias [6 pág.]

13. **GLOSARIO**

[Mini diccionario da igualdade](#)

